


Día Internacional do Alzheimer 2011

Actos nos museos da Rede Museística Deputación de Lugo



A Vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo, Áreas de Cultura e Turismo e Benestar Social, a través das museos integrados na Rede Museística e en colaboración con AFALU (Centro de Día de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas), súmanse aos actos conmemorativos do *Día Internacional do Alzheimer 2011* cunha programación específica coa que se pretende a sensibilización social arredor desta doença que ten na memoria, no deterioro da memoria e das función cognitiva, condutora e motora as principais consecuencias. Os museos son, precisamente, *espazos de acordanza*, lugares onde se custodia a memoria do noso pasado, institucións onde se pode estimular, e de feito así é, a recuperación dunha facultade tan fundamental para a nosa vida como é traer ao presente os obxectos dun tempo xa vivido.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Mércores, 21 de setembro: Día Internacional do Alzheimer na Rede Museística

Mesa informativa: AFALU (Centro de Día de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas) atenderá unha mesa informativa nas dependencias do MPLugo durante a tarde para atender as consultas de todas as persoas que o soliciten.

17:30 h.: Presentación dos programas (*Nobelio da memoria*, *Tirando do fío*, *Álbum da memoria compartida* e *Memoria do pan*) que con enfermos de Alzheimer se viñeron desenvolvendo nos museos da Rede Museística, por Encarna Lago, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo.

18:00 h.: Mesa redonda: *Alzheimer, a enfermidade do Esquecemento & Museos, centros de Memoria.*

Participan : María del Carmen Pena Ledo (presidenta de AFALU), Elisa Fernández (psicóloga de AFALU) e Encarna Lago, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo.

18:30 h.: Proxección a cargo de AFALU (Centro de Día de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas) da película: *Bicicleta, Cuchara, Manzana*, dirixida por Carles Bosch.

Nota: Estes actos serán retransmitidos por ***Streaming Directo*** e poderán ser visionados en tempo real nos outros museos da Rede e a través de internet

MUSEO PAZO DE TOR, Monforte de Lemos

Venres, 23 de setembro de 2011

18:00 h.: Proxección a cargo de AFALU (Centro de Día de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas) da película: *Bicicleta, Cuchara, Manzana*, guión e dirección de Carles Bosch.

MUSEO ETNOGRÁFICO SAN PAIO DE NARLA, Friol

Sábado, 24 de setembro de 2011

18:00 h.: Proxección a cargo de AFALU (Centro de Día de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas) da película: *Bicicleta, Cuchara, Manzana*, guión e dirección de Carles Bosch.

MUSEO PROVINCIAL DO MAR, San Cibrao (Cervo)

Sábado, 1 de outubro de 2011

18:00 h.: Proxección a cargo de AFALU (Centro de Día de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas), da película: *Bicicleta, Cuchara, Manzana*, guión e dirección de Carles Bosch.

***Bicicleta, cuchara, manzana*(110 '). Guión e dirección de Carles Bosch.**


Sinopse.-No outono de 2007 a Pasqual Maragall diagnostícase Alzheimer. Superado o golpe inicial, el e a súa familia inician unha cruzada contra a enfermidade e, desde o primeiro paso, esta película convértese en testemuño de excepción. Con intelixencia, sinceridade e bo humor, Maragall deixase retratar xunto á súa familia e os médicos para deixar constancia do día a día da súa loita persoal. Dous anos de seguimento a un paciente excepcional disposto a que os científicos atopen curación antes de que a cifra de 26 millóns de enfermos no mundo se multiplique por dez. Unha película dura pero optimista a pesar de todo.
(+ info: <http://www.bicicletacucharamanzana.com>)

+ info:

xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org / tfno: 620 280 203 / 982 24 21 12

info@museolugo.org /

<http://www.museolugo.org>



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

